



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES
SECCIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES

Expediente: 202400000063

RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DO XVIII PREMIO “LUÍS KSADO” DE CREACIÓN FOTOGRÁFICA, MENCIÓN DE HONRA E SELECCIÓN DAS SERIES QUE SE INCLUIRÁN NA EXPOSICIÓN ITINERANTE

DON VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Vista a proposta que formula o xurado do XVIII Premio “Luís Ksado” de creación fotográfica e logo dos informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización.

RESOLVO:

Primeiro.- Conceder o Premio XVIII Premio “Luís Ksado” de creación fotográfica a Vicente Fraga Fernández, DNI ***2850** pola serie titulada “Alén”

O premio, por importe de 6.500 €, aboarase no seu día con cargo á partida 0612/3341/481, fase A, operación 220240009790 do vixente Orzamento, a través do expediente 2024000026652.

Segundo.- Facer unha mención de honra a: Miguel Gómez Muñiz, pola serie titulada “Nordés”.

Terceiro.- Seleccionar as series que se incluírán, xunto coa serie premiada, nunha exposición, que será ofertada aos concellos e entidades da provincia, en itinerancia, e pola que os/as autores/as recibirán a cantidade de 300 €/serie, en concepto de indemnización pola cesión temporal delas:

Serie	Autor/a	DNI	N.º expediente pago	Importe indemnización
A quén	María Yáñez Ces	***9531**	2024000026760	300,00 €
Nordés	Miguel Gómez Muñiz	***7084**	2024000026762	300,00 €
Fin de la faena	María Ángeles Aldariz Torreiro	***8690**	2024000026763	300,00 €
Usar y tirar, perversa moda rápida	Antonio Jesús Pérez Gil	***9971**	2024000026765	300,00 €
El terremoto de Turquía	Bernat Armangue Renter	***2421**	2024000026767	300,00 €



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL, CULTURA E DEPORTES
SECCIÓN DE EDUCACIÓN, CULTURA E DEPORTES**

Expediente: 2024000000063

As indemnizacións por un importe de 300,00 € cada unha delas, o que fai un total de 1.500,00 €, aboaranse con cargo á partida 0612/3341/22609, fase RC, operación 220240034627 do vixente Orzamento, a través dos expedientes individuais sinalados.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.